



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de decembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día nove de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(982).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 28 e 29 de novembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(983).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE “VIGO EDUCA”. EXPTE. 97507/332.

Visto o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 28/11/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" (97.507-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" (97507-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 14/05/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/07/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa".

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 360.000,00 euros (327.270,00 euros máis 32.730,00 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa", con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9911 "Programa educativo Vigo Educa", e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 18.000,00 euros correspondentes ao ano 2024;
- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2025;



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 72.000,00 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” (97507-332) na seguinte orde descendente:

| | Empresa | Puntuación Total |
|----|------------------------------------|------------------|
| 1º | EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ S.L. | 97,00 |
| 2º | AUTOCARES IGLESIAS S.L. | 85,71 |
| 3º | EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN S.L. | 23,24 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ, SL, o día 5 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 13 de novembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante. Asemade, figura no

expediente o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social.

- A escritura de nomeamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (63.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo R - Subgrupo 1 - Categoría 1) presentan a clasificación Grupo R - Subgrupo 1 - Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (63.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo R - Subgrupo 1 - Categoría 1) presentan a clasificación Grupo R - Subgrupo 1 - Categoría 5.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe de 16.363,50 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- Con data do 20 de novembro de 2024, a Mesa de Contratación, acordou outorgar un prazo de 3 días naturais para emendar a acreditación da habilitación profesional.

Dentro do prazo concedido, o 25 de novembro, o licitador presentou documentación para os efectos de acreditar a súa habilitación profesional:

1. Resolución de Modificación da prórroga de autorización de transporte de uso especial-escolar c. públicos do Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia
2. Consulta do Registro de Empresas y Actividades de Transporte do Ministerio de Fomento
3. Compromiso, no caso de resultar adxudicatario do contrato, de *“cumplir con los requerimientos de documentación que le sean notificados en relación con la solicitud de autorización de transporte regular de uso especial-escolar”*.
4. Escrito no que manifesta que dispón da habilitación profesional esixida no PCAP e que esta xa foi acreditada no primeiro requirimento. Aclara que este servizo non require autorización do Concello de Vigo ao non tratarse dun servizo regular, senón discrecional.
5. Xustificante de solicitude de autorización de Transporte Público Regular de Uso Especial Escolar para os desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade Vigo Educa.

Consta no expediente informe da xefa do Servizo de Transportes en relación de data 25 de novembro de 2024 do que se desprende que a documentación presentada por



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ, SL é suficiente para entender acreditada a habilitación profesional esixida nesta licitación.

Quinto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 28 de novembro de 2024 comproba a documentación presentada pol licitador e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 28 de outubro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMPRESA VIÚDA DE J. DOMÍNGUEZ, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” (97507-332) por un prezo máximo de 360.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.730,00 euros, e un prezo unitario (con IVE) por viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares é de 95,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9,50 euros.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(984).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MUPIS DIXITAIS. EXPTE. 8450/104.

Visto o informe de fiscalización do 28/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e instalación de mupis dixitais (8.450-104)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e instalación de mupis dixitais (8450-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DA REDE DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DIXITAL INTELIXENTE.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 06/05/24 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 16/07/24 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 693.501,46€ sendo o importe correspondente ao IVE de 120.359,76

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.6090020” SINALIZACIÓN DIXITAL EN MUPIS DIXITAIS”, da anualidade 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 14 de outubro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de setembro de 2024, de FUTURA VIVE TECHNOLOGIES, SL e TOURISTINNOVACION360, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e instalación de mupis dixitais (8450-104) na seguinte orde descendente:

| ORDE | EMPRESAS LICITADORAS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|------|--|------------------|
| 1º | AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL | 90,50 |
| 2º | TECNOLOGÍAS PLEXUS, SL | 81,85 |
| 3º | RPG TECHNOLOGY, SA | 75,50 |

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL, o día 16 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 28 de outubro, dentro do prazo concedido e o 31 de outubro de 2024, fora do prazo concedido. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do representante da mesma.
- Escrituras de constitución con estatutos sociais e nomeamento do representante, de titularidade real, de ampliación do obxecto social e escritura de modificación de obxecto social, de denominación social, de CNAE e de modificación dos estatutos xunto co DNI do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (687.770,04 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (687.770,04 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva (21.812,63 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 31 de outubro de 2024 acordou adxudicar este procedemento a AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL por un prezo total do contrato de 527.865,53 euros.

Quinto.- Na sesión que tivo lugar o 7 de novembro, a Mesa acordou outorgar un prazo de tres días a AMAZING UP - INGENIERÍA INTERACTIVA DEL OCIO, SL para que aclarase un certificado de execución achegado para a acreditación da solvencia técnica e retirar o acordo adoptado na sesión do 31 de outubro de propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento en tanto non se producisen as aclaracións solicitadas.

Sexto.- Na sesión do 13 de novembro de 2024 a Mesa de Contratación acordou aceptar as alegacións de AMAZING UP - INGENIERÍA INTERACTIVA DEL OCIO, SL sobre o requirimento efectuado pola Mesa de Contratación en data 7 de novembro de 2024, tomar razón das alegacións presentadas por TECNOLOGÍAS PLEXUS, SL e continuar a tramitación deste procedemento unha vez recibido o informe do servizo xestor sobre as mesmas.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2024 aceptou o informe asinado polo xefe da Área de Administración Electrónica e a técnica en Actividades Turísticas de data 25 de novembro de 2024 sobre as alegacións presentadas por TECNOLOGÍAS PLEXUS, SL, no que conclúen que no se pode inferir que a oferta de AMAZING UP - INGENIERÍA INTERACTIVA DEL OCIO, SL incumpra os



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

requirimentos do PPTP e acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de setembro e 9 de outubro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de setembro de 2024, de FUTURA VIVE TECHNOLOGIES, SL e TOURISTINNOVACION360, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Adxudicar a AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, SL o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e instalación de mupis dixitais (8450-104) por un prezo total do contrato de 527.865,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.613,03 euros e coas seguintes condicións:

- a) O prezo total para a parte fixa do contrato é de 439.805,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 76.329,96 euros.*

- b) *O prezo total para a parte variable do contrato é de 88.059,57 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.283,07 euros.*
- c) *A porcentaxe de desconto é do 51 (%) a aplicar aos prezos unitarios relacionados no Anexo I do PPT (parte variable).*
- d) *Propón a realización dunha acción formativa online dirixida o persoal técnico do Concello en relación aos procesos de configuración e mantemento dos elementos a subministrar.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(985).- ACEPTACIÓN DE PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONVOCATORIA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMA DA CABALGATA DE REIS E DO ENTROIDO 2025. EXPTE. 10108/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/12/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado

ANTECEDENTES

Primeiro.- O servizo de Festas, no exercicio das súas competencias, está organizando os programas da Cabalgata de Reis e do Entroido do ano 2025.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de abril de 2024, aprobou as bases reguladoras das convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente nº 10108/335), entra as que se atopa a Cabalgata de Reis e o Entroido.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2024 aprobou a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os Programas “CABALGATA DE REIS 2025” e “ENTROIDO 2025”. Esta foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 6 de novembro de 2024.

Cuarto.- Durante o prazo de presentación de propostas recibíronse as seguintes propostas para a Cabalgata de Reis:

| ENTIDADE | TIPO DE COLABORACIÓN | VALORACIÓN ECONÓMICA |
|---|--------------------------------|-------------------------|
| ALCAMPO, SAU | ESPECIE -CARROZA | 13.800,00 € |
| COTERENA, SLU | ESPECIE: CARROZA +ANIMACIÓN | 6.000,00€ +1000,00 € |
| GADISA RETAIL SLU | ESPECIE -CARROZA | 9.163,00 € |
| ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES | ESPECIE - ANIMACIÓN | |
| LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |
| ABANCA CORP.BANC. SA | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |

Quinto.- En data 3 de decembro de 2024, reunidas a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal e a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, procedeuse ao exame das propostas. A comisión acorda propoñer á Xunta de Goberno Local a aceptación de todas as propostas presentadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Competencias municipais

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais. No exercicio destas competencias, o servizo de Festas desenvolve o programa da Cabalgata de Reis e do Entroido 2025, cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

-II-

Da colaboración público privada para a realización de actividades municipais

A Lei 49/2002 prevé a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Así, o seu artigo 25 o establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que se atopan as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estes efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de abril de 2024 prestou aprobación das bases reguladoras e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente. nº 10108/335).

As bases reguladoras teñen por obxecto establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan, entre outros, no programa da Cabalgata de Reis (Anexo I das Bases):

A publicación da convocatoria para o convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para desenvolvemento do programa da Cabalgata de Reis e o Entroido 2025 con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración deberá realizarse no último trimestre do ano anterior ao que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración (base SÉTIMA das bases reguladoras).

Publicada a convocatoria no BOPO e na páxina web municipal, durante o prazo de presentación de ofertas presentaron ofertas ALCAMPO, SAU, COTERENA, SLU, GADISA RETAIL, SLU, ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES, LA FE PREVISORA COMPAÑIA DE SEGUROS, SA e ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA. Reunida a comisión de valoración e acreditado que estas reúnen os requisitos esixidos nas bases que regulan a mesma, esta acorda propoñer á XGL a admisión de todas elas.

-III-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

Competencia

A competencia para a aprobación de convenios con outras Administración e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmos agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno, correspóndelle á Xunta de Goberno local por Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023.

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano competente, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aceptar a solicitude presentadas na convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os Programas “CABALGATA DE REIS 2025” e “ENTROIDO 2025”, todas elas para a Cabalgata de Reis 2025:

| ENTIDADE | TIPO DE COLABORACIÓN | VALORACIÓN ECONÓMICA |
|---|--------------------------------|-------------------------|
| ALCAMPO, SAU | ESPECIE -CARROZA | 13.800,00 € |
| COTERENA, SLU | ESPECIE: CARROZA +ANIMACIÓN | 6.000,00€ +1000,00 € |
| GADISA RETAIL SLU | ESPECIE -CARROZA | 9.163,00 € |
| ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES | ESPECIE - ANIMACIÓN | |
| LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |
| ABANCA CORP.BANC. SA | ESPECIE -CARROZA | 15.000,00 € |

Segundo.- Comunicar ás citadas empresas solicitantes a aceptación da súa participación como colaborador na Cabalgata de Reis 2025.

Terceiro.- Unha vez aprobado o presente acordo, deberá asinarse o convenio de colaboración pola Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal e as entidades solicitantes.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(986).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”. EXPTE. 2121/441.

Visto o informe xurídico do 21/11/2024, e o informe de fiscalización do 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/11/2024, asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2024 acordou adxudicar a REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO SLNE o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (Expte. 1641-441).

II.- A devandita empresa, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 03.10.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 08.10.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.10.2024 aprobou o proxecto básico e de execución de “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data de xullo de 2024 (Expte. 6403-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.10.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6403-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, de data xullo de 2024.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 16.10.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 16.10.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 17.10.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 23.10.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de da Área de Servizos Xerais en data 29.10.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 13.11.2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 15.11.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 15.11.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP.. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.04.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Tramitación anticipada de gasto. De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|-------|----------------|
| 2025 | 550.000,00 € |
| 2026 | 5.800.000,00 € |
| 2027 | 626.948,20 € |
| TOTAL | 6.976.948,20 € |

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 15.11.2024.

Terceiro.- Asumir o compromiso de dotar nos orzamento inicial dos exercicios 2025, 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 3420.6320015 (PISCINA TEIS) - proxecto de gasto 22342009- crédito por importe de 550.000 €, 5.800.000,00 € e 626.948,20 € respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no exercicio 2025 para a segunda anualidade nun 1.054,54% e para a terceira anualidade nun 113,99%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

6(987).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)". EXPTE. 2088/441.

Visto o informe xurídico do 27/11/2024, e o informe de fiscalización do 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/11/2024, asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 03.07.2023 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)", a favor da empresa favor da mercantil Interurban SAU.

2.- A devandita empresa presenta trala fase de supervisión, proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Aya Vidal.

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de data 26.07.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 29.07.2024 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.08.2024 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), e con sinatura dixital de data 24 de xullo de 2024 (Expte. 6329-443).

4.- Dito proxecto forma parte das actuacións presentadas no Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas, Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia - Convocatoria 2023 (Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de data 22.05.2023), con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Co fin de articular a colaboración necesaria entre o Concello de Vigo e a Axencia de Turismo de Galicia, asinouse en data 07.05.2024 o CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística do Casco Histórico da Vila de Bouzas, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia , financiado pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se establece para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupuestos Generales del Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise

sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por outra banda, de acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100% e a aqueles cun coeficiente climático do 40%, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

5.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 02.08.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6329-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Aya Vidal.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 16.09.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 16.09.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 23.09.2024.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 25.09.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 17.10.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 17 e 18.10.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19.11.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19.11.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.07.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)” - PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|-------|--------------|
| 2024 | 43.590,00 € |
| 2025 | 392.311,22 € |
| TOTAL | 435.901,22 € |

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19.11.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 4320.619.0000 (obras litoral, sist. iluminación, humanización) – proxecto de gasto 24432050- por importe de 43.590,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 4320.619.0000 crédito por importe de 392.311,22 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas

Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 900,00%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(988).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN TEMPORAL DO USO DE ESPAZO NA CASA REITORAL DA PARROQUIA DE STA MARÍA DE VIGO, UBICADO NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ Nº3. EXPTE. 9888/336.

Visto o informe xurídico do 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/12/2024, asinado pola técnico medio de actividades culturais e educativas, e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES XURÍDICOS.-

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

FINALIDADE.-

- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a cesión de uso gratuíta, temporal e compartida, por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Méndez Núñez.

- A **finalidade principal** da colaboración entre as partes é a de ofrecer de xeito temporal e mentres se realizan na localización orixinal as reformas necesarias, un servizo de carácter permanente dirixido as familias da nosa cidade denominado **Espazo de dinamización infantil** e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

- Debido a que as obras de reforma do edificio da Casa da Xuventude continúan desenvolvéndose e prevese que non rematen ata dentro duns meses; propónse a sinatura dun acordo de prórroga do citado convenio ao amparo da cláusula 3ª do Convenio que di: *"- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.**"*

- O convenio foi asinado en data 2 de xullo de 2024 polo que en consecuencia a data de finalización será a do 2 de xaneiro de 2025.

- Propónse en consecuencia, prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE Sª MARÍA DE VIGO por **seis meses máis**, dende a data de finalización do mesmo que é o 2 de xaneiro de 2025. Este convenio foi aprobado na Xunta de Goberno Local en data 21/06/2024,

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre". O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **propónse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:” Aprobar o acordo de prórroga ,por seis meses mais, do convenio colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO PARA TRASLADO TEMPORAL DO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DE XUVENTUDE (Lopez Mora 31) que consta anexado como borrador no presente expte 9888-336.

SEGUNDO: Aprobar o contido específico do acordo de prórroga que consta adxunto a este expte, entre D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO ECÓNOMO DIOCESANO, e Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo

TERCEIRO: Facultar á Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, para asinar o citado convenio”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE Sª MARÍA DE VIGO.

Expte RELACIONADO 9888-336

En Vigo , a __ __ de _____ de 2024

REUNIDOS

DUNHA PARTE, **YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, (Decreto de Alcaldía de data 28.06.2024, de corrección da estrutura da administración municipal (2023-2027) sobre a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 referida a ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027)).**

E DOUTRA, **D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO**, con DNI: 7676898257B actuando na súa condición de Ecónomo Diocesano da Parroquia de Santa María de Vigo e representante da Diócese de Tui-Vigo,

MANIFESTAN

1.- Que actualmente está en vigor un convenio, aprobado na Xunta de Goberno Local en data 21/06/2024, para a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo da Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo, co fin de ubicar de xeito temporal o servizo do espazo de dinamización infantil da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.
2.- Que debido a que as obras de reforma do edificio da Casa da Xuventude continúan desenvolvéndose e prevése que non rematen ata dentro duns meses;



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

proponse a sinatura dun acordo de prórroga do citado convenio ao amparo da cláusula 3ª do Convenio que di: “- *A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.*”

3.- O convenio foi asinado en data 3 de xullo de 2024 polo que en consecuencia a data de finalización será a do 3 de xaneiro de 2025.

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA “CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE Sª MARÍA DE VIGO por **seis meses máis**, dende a data de finalización do mesmo que é o 3 de xaneiro de 2025.

SEGUNDO.- O presente acordo supón a aceptación entre ambas partes desta prórroga atendendo ao pactado no mencionado convenio que continuará sendo o marco normativo.

E, para que así conste aos efectos oportunos,

Vigo, data dixital

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento, como funcionaria interina, de unha auxiliar administración xeral para o servizo de Benestar Social. Expte. 44719/220.
- .- Resolución de recurso de reposición relativo á convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2022-2023. Expte. 9764/335.
- .- Adxudicación da contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025. Expte. 10306/335.
- .- Adxudicación da contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais. Expte. 3601/341.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

8(989) .- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIA INTERINA, DE UNHA AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. Expte. 44719/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 04/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/12/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/08/2024 (expediente 44719/220) declarouse a urxencia no nomeamento de persoal interino de 5 auxiliares de administración xeral, por acumulación de tarefas e por un período de nove meses con destino a Área de Benestar Social, iniciándose a relación laboral o 12/08/2024.

-Nomeamento realizado de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local en datas 18/08/2022 e 20/05/2024 (expediente 36685-220).

II- En data 07/10/2024, unha das persoas que fora nomeada como interina no acordo de data 09/08/2024 (F.J Santos Vilas) presentou escrito de renuncia que foi aceptada por resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 08/10/2024 (expediente 45398/220).

III- Con motivo da renuncia, a Área de Benestar Social solicita o nomeamento doutro auxiliar de administración xeral que substitúa a persoa que renunciou.

IV- Procedeuse ao chamamento conforme ao procedemento establecido nos criterios de xestión de listas de reserva, constando a renuncia expresa incorporada ao expediente de 31 persoas, constando a aceptación, por orde de chamamento e en condicións de ser nomeada (segundo informe de verificación previa incorporado no trámite 497 do expediente) de:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

| DNI | APELIDOS E NOME |
|-----------|----------------------------|
| ***6339** | González Martínez, Leticia |

V- Como se trata dun nomeamento en substitución dunha persoa que renunciou no marco da acumulación de tarefas para a área de Benestar Social aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/08/2024, e por período de nove meses dende o 12/08/2024, a duración desta nova interinidade será polo tempo restante ata finalizar dito período (ata 11/05/2024).

VI- Segundo os datos facilitados polo servizo de Tesourería- Nóminas, o custo económico aproximado para o citado período sería o seguinte:

-Ano 2024 (09-31 decembro):

Salario: 1.407,87 €.

S.S Empresa: 539,18 €.

-Ano 2025 (xaneiro-11 de maio):

Salario: 10.427,28 €.

S.S Empresa: 3.258,21 €.

-Imputándose ás partidas 9200.1400000 (custos salario) e 9200.1600099 (custos seguridade social).

VII.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de oficial de Instalacións por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao

funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de persoal interino nos seguintes termos e condicións:

- Número e Categoría profesional: 1 auxiliar de administración xeral
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Área de Benestar Social
- Período temporal: ata 11 de maio de 2025, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico aproximado:
 - -Ano 2024 (09-31 decembro):
Salario: 1.407,87 €.
S.S Empresa: 539,18 €.
 - -Ano 2025 (xaneiro-11 de maio):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

Salario: 10.427,28 €.

S.S Empresa: 3.258,21 €.

SEGUNDO: Nomear como persoal funcionario interino por acumulación de tarefas para a Área de Benestar Social, con categoría de auxiliar de administración xeral e ata o 11 de maio de 2025, a:

| DNI | APELIDOS E NOME |
|-----------|----------------------------|
| ***6339** | González Martínez, Leticia |

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao persoal nomeado, á xefatura da Área de Benestar Social, Concellería da Área de Política Social e Turismo, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(990).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN RELATIVO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2022-2023. Expte. 9764/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vistos os informes de fiscalización do 03/10/2024 e 3/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.
2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.
3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas.
4. A xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16.02.2024 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente". Entre estas, á Asociación Irmandade Nosa Señora da Alba e San Bartolomeu (G36887933).
5. Dito acordo, así como o prazo de interposición do recurso, foi notificado á entidade Asociación Irmandade Nosa Señora da Alba e San Bartolomeu (G36887933) (notificación recibida o 03.03.2024).
6. Con data 07.03.2024 a entidade presenta recurso de reposición (doc. Núm. 240080626) ante o órgano que dictou a resolución alegando problemas informáticos ao anexar a documentación requirida.
7. A Comisión de Avaliación, con data 09.05.2024, acorda que á entidade Asociación Irmandade Nosa Señora da Alba e San Bartolomeu (G36887933) correspóndelle unha subvención por importe de 1.276,00 €.
8. O 15.05.2024 emite informe proposta estimando o recurso de reposición e propondo a concesión dunha subvención á referida Asociación por importe de 1.276,00 €.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

9. O 20.05.2024 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto.

10. O 28.08.2024 o enxeñeiro municipal detecta un erro na cuantía da subvención outorgada, emitindo informe ao respecto.

11. Por resolución de 24.10.2024 da concellería delegada de área de goberno, désignase á secretaria de administración municipal, D^a Pilar del Carmen Saborido Díaz, instrutora dos expedientes das bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

12. Con data 25.10.2024 réunese a Comisión de Avaliación acordando:

“Esta administración de oficio detectou un erro material que se evidencia na valoración dos criterios de avaliación recollidos na cláusula sétima, en concreto nos criterios para avaliación do programa , no punto 2A).3.- Consolidación, valorado inicialmente con 10 puntos cando realmente na bases que regulan a concesión da subvención (expte.- 9712-335) no seu punto sétimo (7.2) está establecido como puntuación máxima a de 5.

En conclusión, tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a avaliación da solicitude á que optan ao concepto subvencionábel Liña 2: Actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias, a Comisión de Avaliación acorda:

| Expte. | Entidade | Programa | Puntos | Importe solicitado | Importe concedido |
|----------|--|-----------------------|--------|--------------------|-------------------|
| 9764-335 | Asoc. Irmandade Nosa Sra. da Alba e San Bartolomeu | Romaría Virxe da Alba | 83 | 3.000,00 € | 1.203,50 € |

Considerase que a entidade Asociación Irmandade Nosa Sra. Da Alba e San Bartolomeu (G36887933) correspóndelle unha subvención por importe de 1.203,50 € unha vez correxido o erro detectado na puntuación outorgada no criterio de valoración 2A)3”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Ao considerar que xa consta informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto polo interesado e que a sesión da Comisión de Avaliación de 25.10.2024 só tivo como finalidade corrixir o erro detectado no importe subvencionable, segundo informou o 28.08.2024 o enxeñeiro municipal.

De conformidade co artigo 109. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.*

O concepto de erro de feito ou aritmético foi amplamente ponderado pola xurisprudencia, quedando caracterizado na súa doutrina como aquel que resulte ostensible, manifesto, indiscutible, implicando por si só a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos e exteriorizándose prima facie, pola súa soa contemplación. Ademais, a rectificación de erros non pode supoñer a declaración de nulidade do acto que se rectifica,

polo que non é unha modalidade da revisión de oficio, quedando limitado o seu uso á corrección daqueles erros que permitan a subsistencia do acto que os contén porque precisamente a súa corrección faga conforme o formulado co o pretendido.

Dado que obsérvase que só trátase dun erro aritmético, sen variación nos restantes trámites do expediente, INFÓRMASE que se axusta á normativa aplicable e remítome ao restos dos informes obrantes no expediente.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto pola Asociación Irmandade Nosa Señora da Alba e San Bartolomeu (G36887933) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16.02.2024.

SEGUNDO.- ACEPTAR a solicitude de subvención para as actividades “Romaría Virxe da Alba e San Bartolomeu” (programa 2.2) cun orzamento de 7.508,00 € e proceder a valoración que permita determinar a cantidade subvencionada.

TERCEIRO.- CONCEDER unha subvención por importe de 1.203,50 € conforme a acta da antedita Comisión de valoración, que se achega neste expediente á Asociación Comisión de Festas dos Ramallos pola celebración da “Romaría dos Ramallos” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

CUARTO.- Notificar a presente resolución á Asociación Irmandade Nosa Señora da Alba e San Bartolomeu. Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(991).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2025. Expte. 10306/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 05/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación do 04/12/2024, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10306-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10306-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10.306-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de outubro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29 de outubro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 109.045,37 euros, sendo o valor estimado do contrato de 90.120,14 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 76.331,76 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación
- 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 32.713,61 € (30% do importe do prezo de contrato)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 28 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do

servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10.306-335) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|------------------|------------------|
| 1 | CARROFESTA, S.L. | 72 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixida no apartado 9C do Anexo I -FEC-".

Lémbrese que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos neles reflectidos".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, SL, o día 28 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 29 de novembro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o nomeamento do seu apoderado e os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (63.084,10 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (76.331,76 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 25 de novembro de 2024 e / co acordo da Mesa de Contratación, de data 28 de novembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeil a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro de 2024, de CA TOTALITY GROUP, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP (50% da puntuación).

Segundo.- Adxudicar a CARROFESTA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10306-335) por un prezo total do contrato de 92.692'68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.087'16 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(992).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. Expte. 3601/341.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 05/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación do 4/12/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (3601-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (3601-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 23 de agosto de 2024, redactado polo xefe do servizo de Museos Municipais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 17 de setembro de 2024, redactado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 1.047.503,24 € (865.705,16 € máis 181.798,08 € correspondentes ao ive a soportar pola administración), con cargo á aplicación presupostaria 3330.227.99.05 "Servizos de Atención ao Público" e as seguintes anualidades:

| 2025 (12 meses: xaneiro-decembro) | 2026 (12 meses: xaneiro-decembro) |
|--------------------------------------|--------------------------------------|
| 523.751,62 € | 523.751,62 € |

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 28 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2024 de MAGMACULTURA por non acadar a puntuación mínima (22,5 puntos) esixida no criterio "Memoria Técnica e de organización do servizo".

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (3.601-341) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación Total |
|------|--|------------------|
| 1 | SERVICIOS SECURITAS, S.A. | 100,00 |
| 2 | OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. | 72,73 |
| 3 | SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES, S.L | 52,74 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A. (B-61.949.764) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixida no apartado 9C do Anexo I -FEC-.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector

Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, SA, o día 28 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante. Asemade, consta nel acreditada a solvencia económica e financeira e técnica e profesional a través da clasificación esixida no PCAP (Grupo M, Subgrupo 5 e Categoría 3) o ter a clasificación: Grupo M, Subgrupo 5 e Categoría 4.
- Os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS SECURITAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS SECURITAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións



CONCELLO DE VIGO

Expte.1797 /1102

avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 e 25 de novembro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2024 de MAGMACULTURA por non acadar a puntuación mínima (22,5 puntos) esixida no criterio “Memoria Técnica e de organización do servizo.

Segundo.- Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (3601-341) por un prezo total do contrato de 1.026.778,80 euros sendo a cota correspondente ao IVE de 178.201,28 euros e coas seguintes condicións:

- a) O prezo total da parte fixa do contrato é de 167.167,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.012,48 € euros.*
- b) O prezo total da parte variable do contrato é de 859.611,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 149.188,80 euros.*
- c) A porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios (hora diúrna e nocturna) recollidos no apartado 3.G) do Anexo I (FEC) do PCAP é de 11,03 %.*
- d) Comprométese á realización dun curso de, polo menos, 10 horas en materia de Atención ao público para o persoal a adscribir ao contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(993).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez